



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 28 de xullo de 2022 (1259/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(647).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 13/07/2022, ordinaria do 14/07/2022, extraordinaria urxente do 14/07/2022 e extraordinarias e urxentes do 15/07/2022 (2) . Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

**2(648).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MERCADO DE CABRAL. EXPTE. 7935/106.**

Visto o informe xurídico do 07/07/2022 e o informe de fiscalización do 19/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado da área, que di o seguinte:

**LEXISLACION APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réximen local (LRBRL).

- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei de Contratos del Estado, texto articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adelante LCE) modificada pola Lei 5/1973, de Contratos do Estado.
- Regulamento de Contratos do Estado (RCE), aprobado por Decreto 3410/1975
- Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953 (RCCL)
- Regulamento de Servizos das Corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL)
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 9/2017, de Contratos del Sector Público (LCSP)
- Texto Refundido do Regulamento dos Mercados Municipais aprobado definitivamente por acordo plenario de data 14.03.1994

## **ANTECEDENTES**

En data 30.01.1997 o Pleno da Corporación adoptou acordo de alteración de forma de xestión e explotación do mercado municipal de Cabral, prestándose o servizo para o vindeiro mediante concesión administrativa de servizos. No mesmo acto aprobouse o prego de condicións do concurso de xestión e explotación dos mercados municipais que determina un prazo de duración de **25 anos**, *“prorrogables automaticamente por períodos de 5 anos ata un máximo de cinco” períodos, agás se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oitos meses á data do respectivo vencemento”*.

En data 03.07.1997 o Pleno da Corporación adjudicou o contrato de concesión de mercados conforme as respectivas ofertas e suxeición ó Prego de Prescricións que rexe o concurso e Regulamento do Servizo aprobado pola Corporación Municipal, sen que se considere necesario a asignación concreta de puntos ao non presentarse máis que unha oferta para o mercado de Cabral:

- A Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de “1000 ptas”—6 euros- a concesión do mercado de Cabral.

En data 06.10.1997 formalizouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a Asociación de Empresarios do mercado de Cabral.

En data 14.05.2021 por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais ordenouse a apertura do expediente de prórroga da concesión administrativa de xestión e prestación dos servizos do mercado de Cabral e requiriuse a *asociación de empresarios para que manifeste o seu interese en continuar coa concesión mediante solicitude xunto coa copia compulsada dos estatutos, CIF, relación actualizada de*



## Concello de Vigo

*asociados, así como relación dos membros do órgano de goberno e representación, inventario de peche de contas anuais do pasado exercicio, memoria económica e de xestión; memoria quinquenal de actividades promocionais e de dinamización, informe de infraestrutura do inmobile e autorización para a consulta e comprobación da inexistencia de débedas.*

No expediente consta solicitude de prórroga do contrato por parte da Asociación do Mercado de Cabral (02.06.2021).

De conformidade coa cláusula segunda do prego os concesionarios mediante escrito de achegase ao expediente a documentación requirida relacionada coa prestación e explotación do servizo.

DOCUMENTACIÓN ENTIDADE		CABRAL
Estatutos		✓
CIF		✓
Rel.asociados e membros de orgs. goberno		✓
Inventario peche e contas anuais		✓
Memoria económica e de xestión	Conta pérdidas e ganancias	✓
	Presuposto anual de gastos e ingresos	✓
	Presuposto explotación e dinamización actividades	-
	Informe do persoal contratado	-
	Informe débedas con 3ºs > 5 anos	-
	Listado concesionarios e datas de alta e canon	✓
	Saldo Fondo Reserva	✓
	Informe superficie doutras actividades non alimentarias (máx 30%)	-
Memoria quinquenal de actividades		✓
Póliza seguro de RC e último recibo		✓

A entidade ten constituído un fondo de reserva cun saldo actual de 1.023,82 €.

Igualmente cumpren co establecido na cláusula II do PPAP, sobre as actividades non relacionadas coas alimenticias que se prestan, non superan o 30% das que correspondan ás dos postos individuais adicados a produtos de alimentación e derivados.

Actualmente a cantina do mercado ocupa una superficie de 39 m2.

Así mesmo, as entidades están ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, AEAT e Seguridade Social conforme os certificados positivos e que se achegan, ou, no seu caso, conforme á consulta e comprobación realizada e autorizada por estas.

<b>Informe municipal estado de conservación e mantemento</b>	√
<b>Informe municipal inspección sanitaria</b>	√
<b>Ao corrente do pago do canon anual</b>	√
<b>Ao corrente obrigas tributarias/certif. positivas</b>	√

Achégase ao expediente informe técnico favorable da inspección de mantemento do inmovible de data 31/03/2022 realizada polos arquitectos municipais na que se conclúe que as instalacións estan correctas.

Asemade actualmente o estado de ocupación dos mercados e o seguinte:

	Superficie comercial					Superficie comercial sen actividade		
	m <sup>2</sup> totais	m <sup>2</sup> ocupados	%	nº postos ocupados	n.º praceiros	m <sup>2</sup>	n.º postos	%
<b>M. Cabral</b>	431,5	87,60	20	9	5	343,9	12	80

Achégase ao expediente a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da necesidade de prórroga (nº trámite 76)
- Contrato de mantemento das portas automáticas, mantemento de extintores, empresa de desinfección, empresa de limpeza (nº trámite 75)
- Foto da instalación das sinais de evacuación de emerxencia (nº trámite 75)
- Informe técnico sanitario das instalacións do mercado municipal de Cabral (nº trámite 36)
- Informe dos técnicos da XMU de data 14 de xuño de 2022 de conformidade a enmenda das deficiencias respecto a sinalización (nº trámite 88)

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- En canto ao réxime xurídico aplicable a prórroga do contrato haberá que estar ao disposto no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato e a normativa aplicable na data de adxudicación do contrato que, ao ter lugar en data 03.07.1997, está constituída pola Lei de Contratos del Estado, texto



## Concello de Vigo

articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril modificada pola Lei 5/1973, de Contratos do Estado e o seu Regulamento ,aprobado por Decreto 3410/1975 e disposicións locais vixentes en dita data, a saber, o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953, o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 e o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por decreto de 27 de maio de 1952.

SEGUNDO.- O mercado/praza de abastos constitúe un ben de servizo público conforme o disposto no artigo 4 do RBCL e artigo 74 do TRRL. En canto ao réxime competencial, o artigo 25 da LRBRL na redacción conferida pola LRSAL dispón que o municipio exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, e entre outras, en materia de abastos, mercado. Asemade o artigo 1 do RS determina que o Concello intervirá, entre outros, en materia de subsistencias, ademais, para asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade, a calidade dos ofrecidos en venda, a fidelidade no despacho dos que se expidan a peso ou medida, a normalidade dos prezos e a libre competencia entre los subministradores e vendedores.

O artigo 85 da LRBRL constitúen servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias e conforme o seu paragrafo segundo haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente, ben de forma directa ou xestión indirecta mediante las distintas formas previstas para el contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (actualmente a LCSP).

Segundo o obxecto e as prestacións determinados no prego de condicións que rexe o contrato e artigos 62 e 66.1ª no artigo 62 LCE, vixente no momento da adxudicación o contrato obxecto de prórroga constitúe un contrato de xestión de servizos na modalidade de concesión polo cal o empresario xestionará o servizo ao seu risco e ventura, e que actualmente corresponde co contrato de concesión de servizo (artigo 15 da LCSP) en virtude do cal o poder adxudicador encomendan a título oneroso a unha ou a varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar

TERCEIRO- A prórroga dos contratos non constitúe nova relación xurídica contractual nin unha nova adxudicación, senón unha ampliación da duración de xeito que o contrato se prolonga durante un tempo determinado despois da súa finalización.

O artigo 199 do RCE, vixente no momento da adxudicación do contrato e respecto a duración dos contratos de xestión de servizos públicos, dispoñía *“Os servizos non poderán ser contratados en réxime de monopolio, salvo que unha Lei o autorice expresamente. A xestión non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente a súa duración e as prórrogas de que poida ser obxecto, sen que en ningún caso poida exceder o prazo total, incluídas as*

*prórrogas, de noventa e nove anos.>> E o regulamento de servizos determina no seu artigo 115 que en toda concesión de servizos fixaranse as cláusulas conforme as cales se outorgare, que serán as que se xulguen convintes e, como mínimo, e entre outras, o prazo da concesión segundo as características do servizos e as inversións que houbere de realizar o concesionario sen que poida exceder de cincuenta anos.*

A prórroga dos contrato de xestión de servizos públicos require da súa expresa previsión no prego de cláusulas que opera como lei do Contrato e vincula a ambas partes contratantes. A estes efectos a cláusula III do prego de cláusulas aprobado en data 30.01.1997 fixa o prazo de duración da concesión en vinte e cinco anos computados dende a data de notificación do acordo de adxudicación, prorrogables automaticamente por períodos de cinco anos ata un máximo de cinco anos, agás que se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oito meses á data do respectivo vencemento. Concretamente os contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do mercado na súa cláusula terceira determina << *El plazo de la concesión se establece en veinticinco años, contados a partir del 04 de agosto de 1997, fecha de notificación del acuerdo de adjudicación.*>>

O prego de condicións que rixe o contrato establece as prórrogas automáticas do contrato. Neste punto cómpre sinalar que o artigo 199 do RCE non recolle a necesidade de que as prórrogas sexa expresas, sendo suficiente que estean previstas. Non obstante as sucesivas normas sobre contratación pública veñen exixindo que as prórrogas dos contratos sexan de carácter expreso, quedando prohibidas as prórrogas tácitas ou a chamada "tácita reconducción" e neste senso a cláusula terceira dos contratos formalizados entre o Concello e os adxudicatarios dispón que o prazo << *... podrá ser prorrogado a solicitud de la parte interesada y mediante acuerdo expreso corporativo.* >>

No expediente consta solicitude de prórroga por parte da concesionaria titular do contratos de xestión e prestación dos servizos do mercado de Cabral. Asemade segundo a documentación aportada pola concesionaria a prestación do servizo de axusta ao disposto no prego de cláusulas administrativas.

**CUARTO.-** A prórroga está suxeita aos seguintes requisitos:

- a) Que a prórroga estea prevista nos pregos de condicións administrativas en tanto que constitúe a Lei do Contrato e vincula a ambas partes contratantes de xeito que a concorrência para a súa adxudicación se realizase en atención a duración máxima do contrato, incluíndo as prórrogas.
- b) Que o contrato que se pretende prorrogar se atope vixente, posto que extinguido o obrigacional por vencemento do termo, xurídicamente non ten cabida acordo de prórroga alguno.
- c) Que non se superen os límites legais de duración do contrato



**Concello de Vigo**

d) A posibilidade de prórroga dun contrato público implica a prolongación da vixencia do mesmo e require que a súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración e que a concorrência para a súa adxudicación se realizase en atención a duración máxima do contrato, incluíndo as prórrogas.

e) A prórroga non require de formalización de documento administrativo perfeccionándose mediante acordo do órgano competente.

**QUINTO.-** Respecto ao órgano competente para a adopción do acordo cabe sinalar, que se ben o prego determina que como órgano de contratación o Pleno, trala entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local que modificou a LRBRL introducindo un novo título X relativo ao réxime orgánico específico para os municipios de gran poboación, a competencia en materia de contratación atribúese á Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f) da LRBRL. No obstante, actualmente, trala derogación pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público do artigo 127, apartado 1, la letra f) a competencia en materia de contratación nas entidades locais ven regulado na lexislación básica en materia de contratación que actualmente corresponde a LCSP que na DA 2ª. 11 da LCSP determina que a competencia en materia de contratación nos municipios de gran poboación corresponde á Xunta de Goberno Local calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

**RESULTANDO,** que, por todo o anteriormente exposto, e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, o concelleiro delegado que suscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo:**

**“PRIMEIRO.-** Aprobar a prórroga do contrato de xestión e explotación do servizo público do seguinte mercado municipal, outorgado en réxime de concesión administrativa á seguinte entidade de comerciantes, polo período de cinco anos, contados a partir do día 04/08/2022, rematando en consecuencia o 03/07/2027.

*\*Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, CIF.-G36786952, a concesión do mercado do Cabral.*

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo a devandita entidade.”

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(649).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS**

## **INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS. EXPTE. 21243/333.**

Visto o informe xurídico do 19/07/2022 e o informe de fiscalización do 20/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes director deportivo, polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### **Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 26 de xaneiro de 2022.
- Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 17 de xuño de 2022.
- Memoria económica de data 17 de xuño de 2022 conformada polo concelleiro de Facenda o 29 de xuño de 2022, que recolle:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á





## Concello de Vigo

sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Certificados de retención de crédito de data 11 de maio de 2022 (operacións nº 202200044312 e 202200044313)
- Memoria xustificativa de data 28 de xuño de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) .
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Polo valor estimado procede a súa tramitación mediante procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.3f) LCSP).
  - Xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 30 de xuño do 2022.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 1 de xullo de 2022.

### **Fundamentos de dereito**

**I.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 26 de xaneiro de 2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**II.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado

de tramitación abreviada (art. 159.6 LCSP), o ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros.

**III.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**IV.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**V.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**VI.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**VII.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**VIII.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**IX.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de



**Concello de Vigo**

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada **CONTRATACION POR PROCEDIMIENTO ABERTO ABREVIADO SIMPLIFICADO DO SUBMINISTRO DE DÚAS CASETAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A SÚA COLOCACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL E DAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALAÍDOS.**

**Segundo:** aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 17 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo Servizo de Contratación con data 1 de xullo de 2022.

**Terceiro:** autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **4.767,40 euros con IVE, sendo o IVE de 827,40 euros**, e coa seguinte distribución por anualidades:

#### **DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA**

Anualidades	Importe sen IVE	IMPORTE IVE	Importe con IVE
2022	1.641,67 €	344,75 €	1.986,42 €
2023	2.298,33 €	482,65 €	2.780,98 €
Totais	3.940,00 €	827,40 €	4.767,40 €

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3420.2080000 correspondente a “outro material” do orzamento vixente da Concellería de Deportes, que conta con crédito adecuado e suficiente na bolsa de vinculación.

**Cuarto:** abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(650).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS APARATOS ELEVADORES EN COLEXIOS PÚBLICOS,**

## **ESCOLAS INFANTÍS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 25731/332.**

Visto o informe xurídico do 21/07/2022 e o informe de fiscalización do 22/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2022, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 9 de febreiro de 2022, o concelleiro delegado da Área de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do mantemento de ascensores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinada pola xefa do Servizo de Educación, de data 09/02/2022.
- Resolución do concelleiro delegado de Educación de data 09/02/2022 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo concelleiro de Educación, asinada o 08/05/2022.
- Documentos contables RC 2022000532148 e RCFUT 53215, por importes de 10.672,20 e 117.394,20 euros respectivamente, de data 19/05/2022.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e Anexo, de data 18/05/2022, redactados pola enxeñeira técnica industrial e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración das redactoras do PPT, de data 18/05/2022.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación en data 09/06/2022 e polo concelleiro de Educación o 10/06/2022.
- Informe de data 06/07/2022 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 21/07/2022, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: O mantemento preventivo, correctivo e regulamentario dos ascensores sitos nos Colexios Públicos, Escolas Infantís e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, que se recollen no Anexo 1 do Prego de Prescricións Técnicas.

Duración: A duración do contrato será de tres anos; existindo a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 42.688,80 euros (35.280,00 €, máis 7.408,80 € de IVE a soportar pola administración), polo que o prezo do contrato é de 128.066,40 € (105.840,00 € máis 22.226,40 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9900 “Inspección Seguridade Ascensores”.



## Concello de Vigo

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 18/05/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 21/07/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 128.066,40 euros (105.840,00 € máis 22.226,40 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 "Inspección Seguridade Ascensores", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2022 (de outubro a decembro): 10.672,20 euros;
- Anualidade 2023: 42.688,80 euros
- Anualidade 2024: 42.688,80 euros.
- Anualidade 2025 (de xaneiro a setembro): 32.016,60 euros

O valor estimado do contrato estipúlase en 186.984,00 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(651).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UXT-UNIÓN COMARCAL DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XORNADA INFORMATIVA, DO PROXECTO "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL", ACORDO XGL DO 07/07/2022. EXPTE. 19083/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

## ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 15/03/2022, Don José Luis Fernández Celis (DNI: 34939808W), Secretario de organización e administración da "UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA UGT-GALICIA" (CIF: G15383011), achegou escritos (docs. 220044476, 220054596, 220054609, 220059880, 220108383, 220109114, 220110144 e 220118646) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para organizar e executar a xornada informativa "Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo" do proxecto "Vigo pola inserción laboral" previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento dos gastos de deseño, cartelería, publicidade e difusión, coffee break, ponencias de expertos na materia, dietas dos poñentes e material conmemorativo, derivados da planificación desta xornada que se levará a cabo nas instalacións da "UXT Unión comarca de Vigo", na rúa García Barbón, nº 67, a durante a mañá do día 20 de maio de 2022, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

II. Con data 07/07/2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

**" PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros), con cargo á aplicación orzamentaria nº 2410 4800013 denominada "Convenios Xornadas Informativas\_Vigo pola inserción laboral.- 2022", incluída no vixente orzamento municipal de 2022.**

**SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "UXT UNION COMARCA DE VIGO" (G15383011), cuxo obxecto é organizar e executar o a xornada "Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo" do proxecto "Vigo pola inserción laboral", e coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.585,41€ (catro mil cincocentos oitenta e cinco con corenta e un euros) ..."**

III. Se ten advertido un erro no pacto oitavo do texto do convenio aprobado relativo ao prazo de xustificación da realización da subvención, xa que, estableceuse como data de finalización do prazo para achegar a xustificación o 04/07/2022, sendo de imposible cumprimento pola beneficiaria por ser anterior á data de aprobación de dito convenio.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, *de oficio*, ou a instancia dos interesados os *erros materiais*, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que, débese proceder a rectificar o prazo máximo de xustificación da subvención establecido no pacto oitavo do Convenio, por ser un prazo anterior á aprobación da subvención, de imposible cumprimento, debendo establecer o vindeiro **31 de agosto de 2021** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Por todo o anteriormente exposto e, tratándose dun erro material na data de xustificación que non implica variación respecto ao informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións de



**Concello de Vigo**

competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO: Rectificar o erro material advertido no pacto oitavo do texto do Convenio de colaboración** entre o concello de Vigo e a UXT Unión Comarcal de Vigo para a organización e execución da xornada informativa “Promoción da inserción sociolaboral en colectivos vulnerables no Concello de Vigo” do proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/07/2022, de xeito que, onde di::

“**Oitavo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “UXT Unión comarca de Vigo” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 04 de xullo de 2022.”

Deberá dicir:

“**Oitavo.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “UXT Unión comarca de Vigo” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **31 de agosto de 2022.**”

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(652).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “REFORMA E AMPLIACIÓN DA ZONA DE PALCOS, PARA A REUBICACIÓN DA POSICIÓN DAS CÁMARAS DE RETRANSMISIÓN TELEVISIVA, NA GRADA DE TRIBUNA NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS” E AUTORIZACIÓN AO REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D. PARA A EXECUCIÓN DO MESMO. EXPTE. 1274/441.**

Retirado este asunto para que se proceda á súa revisión por parte do servizo.

**7(653).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PÓLIZA DE SEGURO DE DANOS MATERIAIS PARA AS COLECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 3230/341.**

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 26/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo director do Museo, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 7 de xuño de 2022.





## Concello de Vigo

- Memoria económica de data 8 de xuño de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Retención de crédito de data 8 de xuño de 2022 (operación n.º 202200057308-RC e 2022000573090-RCFUT)
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 9 de xuño de 2022, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo Director do Museo Municipal “Quiñones de León” e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 9 de xuño de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.
- Memoria xustificativa de data 9 de xuño de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo Director do Museo Municipal “Quiñones de León” e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego.
- Informe de data 11 de xullo de 2022, da xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22 de xullo de 2022, redactado pola xefa do servizo de Contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector

Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

**Cuarto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Quinto:** Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións, o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP; que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) e a forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP)

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP); a non división do contrato en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP); as



## Concello de Vigo

condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP); a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas; e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 e 26 da LCSP. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

O contrato adxudicarase aplicando o procedemento aberto simplificado e a forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 116 da LCSP.

**Oitavo** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 8 de xuño de 2022.

**Décimo:** Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e simplificado, de póliza de seguro todo risco de danos materiais para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos que rexerá a citada contratación, de data 9 de xuño de 2022, redactados polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 22 de xullo de 2022, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **66.000 €** (sesenta e seis mil), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria



**Concello de Vigo**

3330.224.0000 (“Seguros coleccións e inmobles”) do orzamento municipal según o seguinte:

- Anualidade 2022: 33.000 €
- Anualidade 2023: 33.000 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de solicitude ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de axuda directa ao transporte urbano e interurbano. Expte. 3788/449.
- .- Proposta de adxudicación no expediente de contratación do patrocinio publicitario para a celebración do evento LOS40 SUMMER LIVE 2022 no aparcamento do Verbum o 3 de agosto de 2022. Expte. 9285/335.
- .- Corrección de erros no expediente de contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao Servizo de Xuventude. Expte. 9194/336.
- .- Proxecto de convenio coa Universidade de Vigo para a execución dun proceso de análise e diagnose do modelo de gobernanza multinivel do Concello de Vigo no proceso de elaboración do Plan de implementación da Axenda Urbana de Vigo”. Expte. 19135/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa

dos/das membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**8(654).- PROPOSTA DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA DE AXUDA DIRECTA AO TRANSPORTE URBANO E INTERURBANO. EXPTE. 3788/449.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 27/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, polo xefe da Área de Inversións e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**I.- Condicións e alcance da orde ministerial que desenvolve o procedemento da axuda directa ao transporte urbano - Bonificación do 30 %**

Con data de 15 de xullo de 2022, a Sede Electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, publica a Orde Ministerial de 15 de xullo de 2022 pola que se dá cumprimento ao capítulo II, relativo a axudas ao transporte urbano e interurbano, do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, polo que se adoptan e prorróganse determinadas medidas para responder as consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa da Palma.

**a.- Condicións xerais reguladas na orde ministerial en relación o procedemento de axudas o transporte público terrestre urbano e interurbano en base ás seguintes condicións xerais:**

- **Poderán ser beneficiarios das axudas directas establecidas na sección primeira do capítulo segundo do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, as comunidades autónomas e entidades locais que presten servizos de transporte público colectivo urbano ou interurbano, con independencia da modalidade de xestión do mesmo, incluíndo concellos, deputacións provinciais, deputacións forais, consellos e cabildos insulares, mancomunidades, comarcas e entes locais supramunicipais que agrupen varios municipios creados por normas de rango legal que presten habitualmente o servizo de transporte público urbano colectivo.**



- **Para poder ser beneficiario das axudas será condición necesaria que as comunidades autónomas ou entidades locais comprométanse a implantar unha redución do prezo dos abonos de transporte e títulos multiviajes, excluído o billete de ida e volta, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nunha porcentaxe non inferior a un 30%.**
- As administracións públicas que soliciten as axudas directas ao transporte público obxecto desta orde ministerial, **deberán establecer reducións de prezos dos abonos de transporte e títulos multiviaje, excluído o billete de ida e volta**, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, **para o período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.**
- **A redución de prezos, ou desconto a aplicar, non será inferior ao 30% respecto dos prezos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto-lei 11/2022**, fóra dos pequenos redondeos que poida decidir o beneficiario para establecer o prezo final. Este desconto aplicarase sobre o prezo final que abona o cidadán, incluíndo o IVE, IGIC ou IPSI.
- **No caso de títulos de transporte que se adquiran mediante sistemas de tarxetas moedeiro ou equivalentes**, nos que o sistema de tarifas aplica reducións no prezo dos billetes a medida que se incrementa o seu uso e acumúlase o número de viaxes efectuado, **a comunidade autónoma ou entidade local que solicite a axuda deberá aplicar un desconto no seu sistema tarifario que se poida considerar equivalente ao desconto do 30% que resultase da aplicación dos apartados anteriores.**
- O beneficiario das axudas poderá decidir que queden excluídos dos descontos os títulos de transporte multiviaje orientados ao uso turístico ou a un uso non recorrente.
- Os beneficiarios poderán establecer as condicións que consideren necesarias respecto da caducidade dos títulos de viaxe e limitación no número de adquisición de títulos a prezo reducido nunha mesma operación de venda ou por unha mesma persoa, ou outras que consideren necesarias, coa finalidade de adecuar o período efectivo de redución de prezos ao último cuadrimestre do ano ou para evitar situacións de abuso.
- **De conformidade co disposto no artigo 7 do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, os importes que perciban as comunidades autónomas e as entidades locais de acordo ao establecido nesta orde deberán destinarse exclusivamente a financiar a prestación do servizo de transporte público urbano ou interurbano e, en todo caso, a compensar aos operadores de transporte pola diminución de ingresos que supuxo a implantación da medida de redución do prezo dos abonos e títulos de transporte multiviaje e, no seu caso,**

### **os custos de implementación da medida e os custos financeiros en que puidesen incurrir.**

- As comunidades autónomas ou entidades locais beneficiarias destas axudas deberán someterse a calquera actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou outro órgano designado por esta, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, e a calquera outras actuacións de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando para iso canta información lle sexa requirida.

### **b.- Sobre as solicitudes:**

- Os posibles beneficiarios que desexen acceder ás axudas presentarán a súa solicitude na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, mediante o formulario que para ese efecto estará dispoñible na mencionada Sede Electrónica.
- O prazo de presentación das solicitudes finalizará o 31 de xullo de 2022, podéndose ampliar este prazo por resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- O contido da solicitude axustarase ao formulario que se porá a disposición para ese efecto na Sede Electrónica. Sen prexuízo do anterior, calquera documentación ou información adicional que sexa necesaria para cumprir o establecido nesta orde ministerial poderá ser achegada polo solicitante ou requirida pola administración.
- A solicitude irá acompañada dunha declaración responsable de que o solicitante presta servizos de transporte público colectivo urbano ou interurbano e do compromiso da comunidade autónoma ou entidade local solicitante, ou da entidade que teña a competencia para iso, de implantar unha redución do prezo dos abonos de transporte e títulos multiviaxe, excluído o billete de ida e volta, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nunha porcentaxe non inferior ao 30%, nos termos establecidos no Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, e no artigo 3 desta orde.
- Na solicitude terá que figurar necesariamente a conta bancaria na que desexen que se realice o abono, acompañándose do correspondente certificado de titularidade segundo o modelo do Anexo II da orde ministerial.

### **c.- Obrigación de información, comunicación e visibilidade. Publicidade.**

As comunidades autónomas ou entidades locais que sexan beneficiarias destas axudas procurarán facer chegar ao usuario dos servizos de transporte información de que os descontos implantados están financiados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ben a través da información ofrecida online, nos puntos de venda dos títulos de transporte ou polos medios que se consideren máis adecuados e proporcionados en función da natureza dos servizos, as canles de venda e as características do beneficiario das axudas.





Concello de Vigo

En calquera caso, todas as actividades de comunicación ou difusión sobre a implantación dos descontos a que se fai referencia nesta orde deberán incluír de maneira expresa que reciben financiamento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e incluírán o logotipo específico recolleito no anexo IV para estas axudas e que estará dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- Logotipo institucional das axudas ás que se refire esta orde ministerial

ANEXO IV. LOGOTIPO INSTITUCIONAL DE LAS AYUDAS A LAS QUE SE REFIERE ESTA ORDEN MINISTERIAL



#### **d.- Obrigacións de información sobre a utilización dos títulos subvencionados e de usuarios do transporte público**

As comunidades autónomas e entidades locais que sexan beneficiarias das axudas, deberán enviar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana información para poder valorar o efecto que tivo a implantación dos descontos no número de usuarios do transporte público. Nesta información incluírase, para o período de referencia que se indique e desagregado por tipo de servizos dos indicados nas táboas do artigo 6 da orde ministerial:

- O número total de viaxes nos servizos de transporte público da súa titularidade
- O número total de viaxes acollidas a desconto diferenciando entre abonos de transporte, títulos multiviaxe ou outras fórmulas nas que se estableza o desconto, como poidan ser as abonadas mediante tarxeta moedeiro.
- Número de títulos multiviaxe e abonos vendidos co desconto.
- Información específica dispoñible relativa ás horas punta.
- A comparación desta información respecto da do mesmo período de referencia dispoñible dos anos 2019, 2020 e 2021.
- O período de referencia para esta información será de meses naturais a partir do 1 de setembro de 2022, ata que finalice o período subvencionado.
- A información mencionada deberase enviar á Dirección Xeral de Transporte Terrestre, a través da aplicación web que se poña a disposición dos beneficiarios. Antes do día 15 de cada mes, enviarase a información relativa ao mes anterior.

**e.- Criterios obxectivos para a determinación das contías das axudas:**

Para a determinación dos ingresos anuais, terase en conta a información dispoñible que serviu de base para determinar a contía das axudas ás comunidades autónomas no marco do Real Decreto-lei 22/2020, de 16 de xuño, polo que se regula a creación do fondo COVID-19 e establécense as regras relativas á súa distribución e libramento, así como a información que serviu para determinar a contía das axudas ás entidades locais no marco do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público, en concreto:

Información fornecida polas entidades locais, segundo as instrucións da Resolución de 9 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Facenda, relativa aos ingresos que corresponden exclusivamente á aplicación das tarifas ou prezos públicos obtidos pola prestación dos servizos de transporte correspondentes ao servizo de transporte público de titularidade das entidades locais no ano 2019.

Contía das axudas a percibir por cada beneficiario.

Estímanse os seguintes valores medios da porcentaxe que representan os ingresos procedentes do uso de abonos ou títulos de transporte multiviaje respecto do total de ingresos dos correspondentes servizos de transporte, tomándose os seguintes valores medios en función do tipo de servizos

Táboa apartado 2 do artículo 6

Tipo de servizo	% ingresos procedentes de abonos/ multiviaje	Descrición
% ingresos procedentes de abonos/ multiviaje	85%	Valor medio estimado para o conxunto de servizos de transporte efectuados por: concellos, transporte urbano efectuado por entidades locais supramunicipais, consorcios CRTM e ATM, metros e servizos ferroviarios urbanos e metropolitanos (excluídos servizos ferroviarios de titularidade autonómica prestados por RENFE Viaxeiros)

Tendo en conta os valores anteriores, estímanse os valores medios de diminución de ingresos anuais obtidos por aplicación das tarifas e prezos públicos aos servizos de transporte que se presten en función do tipo de servizos, que se mostran na seguinte táboa, expresados como porcentaxe dos ingresos anuais por tarifa dun ano de referencia:

Táboa apartado 4 do artículo 6:

Tipo de servizo	Valor medio de redución de ingresos anuais por aplicación dos descontos	Descrición
-----------------	---	------------



## Concello de Vigo

% ingresos procedentes de abonos/multiviaje	8,5%	Valor medio estimado para o conxunto de servizos de transporte efectuados por: concellos, transporte urbano efectuado por entidades locais supramunicipais, consorcios CRTM e ATM, metros e servizos ferroviarios urbanos e metropolitanos (excluídos servizos ferroviarios de titularidade autonómica prestados por RENFE Viaxeiros)
---	------	---

**A contía da axuda que corresponda a cada beneficiario obterase aplicando as porcentaxes da táboa do apartado 4 anterior, aos importes dos ingresos totais por tarifa correspondentes aos servizos de transporte público colectivo de titularidade de cada beneficiario que solicite a axuda, para o ano de referencia do que se dispón dita información, segundo o establecido no artigo 5 da orde ministerial (ingresos que corresponden exclusivamente á aplicación das tarifas ou prezos públicos obtidos pola prestación dos servizos de transporte correspondentes ao servizo de transporte público de titularidade das entidades locais no ano 2019).**

Estimación do calculo:

a.- Datos achegados polo Concello de Vigo segundo as instrucións da Resolución de 9 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Facenda, relativa aos ingresos que corresponden exclusivamente á aplicación das tarifas ou prezos públicos obtidos pola prestación dos servizos de transporte correspondentes ao servizo de transporte público de titularidade das entidades locais no ano 2019.

Tipo de título	Tarifa (sin IVA)	Tarifa satisfecha por el usuario (1)	Tarifa subvencionada por el Ayuntamiento al ciudadano (2)	Títulos emitidos (3)	Ingresos usuarios (4) = (1) x (3)	Ingresos subvención (5) = (2) x (3)	Ingresos totales (4) + (5)
Billete sencillo	1,227	1,2273	0	4.725.703	5.799.855,29	0	5.799.855,29
Tarjeta monedero Passvigo (billete normal)	1,227	0,8091	0,4182	8.859.446	7.168.177,76	3.705.020,32	10.873.198,08
Tarjeta monedero Passvigo (billete estudiante)	1,227	0,7818	0,4455	827.714	647.106,81	368.746,59	1.015.853,40
Tarjeta monedero Passvigo (billete pensionista)	1,227	0	1,2273	1.937.048	0	2.377.339,01	2.377.339,01
Tarjeta monedero Passvigo (billete pensionista II)	1,227	0	1,2273	3.240.874	0	3.977.524,66	3.977.524,66
Tarjeta monedero Passvigo (billete universitario)	1,227	0,6091	0,6182	920.979	560.968,31	569.349,22	1.130.317,53
Tarjeta monedero Passvigo (billete social)	1,227	0,6273	0,6	106.173	66.602,32	63.703,80	130.306,12
<b>Totales</b>				<b>20.617.937</b>	<b>14.242.710,49</b>	<b>11.061.683,60</b>	<b>25.304.394,09</b>

Tipo de Título	Tarifa	Tarifa	Tarifa	Títulos	Ingresos	% de a Orde
----------------	--------	--------	--------	---------	----------	-------------

	(sen IVE)	satisfeita por usuario (1)	subvencionada por o Concello ao cidadán (2)	emitidos (3)	usuarios (4) = (1) x (3)	<b>Ministerial 8,5%</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete normal)	1,227	0,8091	0,4182	8.859.446	7.168.177,76	<b>609.295,11 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete estudante)	1,227	0,7818	0,4455	827.714	647.106,81	<b>55.004,08 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista)	1,227	0	1,2273	1.937.048	0	<b>- €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista II)	1,227	0	1,2273	3.240.874	0	<b>- €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete universitario)	1,227	0,6091	0,6182	920.979	560.968,31	<b>47.682,31 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete social)	1,227	0,6273	0,6	106.173	66.602,32	<b>5.661,20 €</b>
				15.892.234	8.442.855,20	<b>717.642,69 €</b>

O sistema cálculo é coincidente con o previsto na táboa 2, de tal forma que si se aplica a fórmula do porcentaxe (85%) sobre os ingresos por títulos do ano 2019 e calcúlase o 30% da bonificación, e aplícase a I cuadrimestre (setembro-décembro), o resultado é :

$$(8.442.855,20 \times 0,85 \times 0,3) / 3 = 717.642,69 \text{ euros.}$$

#### **f.- Procedemento de concesión, e forma de pago.**

Para o procedemento de concesión e forma de pago, seguirase o disposto no artigo 5 do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño:

- As axudas outorgaranse mediante resolución do titular da Dirección Xeral de Transporte Terrestre. A resolución porá fin á vía administrativa.
- A competencia para aprobar os gastos e autorizar os compromisos, recoñecementos de obrigacións e propostas de pago que procedan, así como expedir e autorizar os documentos contables derivados de devanditas operacións, corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Transporte Terrestre.
- A ordenación e instrución do procedemento realizarase polo órgano instrutor competente de devandita Dirección Xeral.
- Unha vez aprobada a primeira resolución definitiva, as axudas abonaranse mediante transferencia bancaria. A resolución notificarase aos beneficiarios publicándoa na Sede Electrónica
- O medio de publicación de todos os actos administrativos do procedemento, fornecendo en todo caso os efectos de notificación, será a Sede Electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.



## II.- Estrutura de as tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2022.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 7 de abril de 2022, aprobou o expediente de REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVICIO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2022. EXPTE. 3573/449, de acordo cos seguintes datos:

- Prezo billete tarifa ordinaria: 1,40 € (IVE incluído)
- Prezo de a tarifa basee subvencionada para o ano 2022 nas seguintes contías : a través da tarxeta PASSVIGO:

	Con IVA		Achega máxima Concello	
	Tarifa basee	Tarifa basee subvencionada	Diferencia con tarifa basee con IVA	Diferencia con tarifa basee sen IVA
Venda contado	1,40 €	----	-----	-----
Billete normal -	1,40 €	<b>0,89 €</b>	0,51 €	0,4636 €
Billete estudante -	1,40 €	<b>0,86 €</b>	0,54 €	0,4909 €
Billete Pensionista I -	1,40 €	<b>0,00 €</b>	1,40 €	1,2727 €
Billete Pensionista II -	1,40 €	<b>0,00 €</b>	1,40 €	1,2727 €
Billete Universitario -	1,40 €	<b>0,67 €</b>	0,73 €	0,6636 €
Billete social –	1,40 €	<b>0,69 €</b>	0,71 €	0,6454 €

Persoas movilidad reducida que utilicen cadeira der uedás e o seu acompañante	Billete grauíto
---	-----------------

## III.- Aplicación da “bonificación do 30%” para os prezos do sistema de pago do transporte urbano de Vigo a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO sobre a tarifa vixente na actualidade para o ano 2022:

	IMPORTES TARIFA CON IVA			
	Tarifa basee	Tarifa basee subvencionada	Bonificación MITMA 30%	Tarifa con bonificación MITMA -30%
Venda contado	1,40 €	----	-----	-----
<b>IMPORTES TARIFAS BONIFICADAS CON TARXETA MOEDEIRO PASSVIGO</b>				
Billete normal -	1,40 €	0,89 €	0,27 €	<b>0,62 €</b>
Billete estudante -	1,40 €	0,86 €	0,26 €	<b>0,60 €</b>
Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
Billete Universitario -	1,40 €	0,67 €	0,20 €	<b>0,47 €</b>
Billete social –	1,40 €	0,69 €	0,21 €	<b>0,48 €</b>

Período de aplicación: do 1 de setembro ao 31 de decembro do ano 2022.

En relación a proposta de aplicación da bonificación estímase o seguinte custo:

O expediente de revisión de a tarifa para o ano 2022 recolle a seguinte estimación de viaxeiros:

	Previsión nº viaxes 2022	Realidade a 31/06/2022	Estimación final a 31/12/2022	Estimación usuarios período 01/09-31/12	Importe bonificación MITAMA 30%	Importe total bonificación período 01/09-31/12
Venda contado	3.628.643	1.590.275	3.520.649			
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete normal)	6.976.403	3.212.285	6.600.287	2.248.600	0,27 €	<b>607.121,87 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete estudante)	614.076	308.771	616.647	216.140	0,26 €	<b>56.196,32 €</b>
Tarxeta moedeiro, Passvigo (billete pensionista)	1.532.327	631.595	1.443.101	442.117	- €	<b>- €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista II)	2.567.893	1.171.406	2.414.451	819.984	- €	<b>- €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete universitario)	694.463	356.687	686.129	249.681	0,20 €	<b>49.936,18 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete social)	68.186	17.954	79.099	12.568	0,21 €	<b>2.639,24 €</b>
	16.081.991	7.288.973	15.360.363	5.102.281		<b>715.893,61 €</b>

#### **IV.- Sistema de aplicación da Bonificación do programa do MITMA - TRANSPORTE PUBLICO POR MOITO MENOS”:**

Unha vez resolta la solicitude da axuda por parte do titular de a Dirección Xeral de Transporte Terrestre, tal como regula la Orde ministerial, o Concello de Vigo comunicará a Concesionaria do servizo Municipal de Transporte Urbano de a Cidade de Vigo (Viguesa de Transportes SL) a obriga de tomar as seguintes medidas:

**Primeiro:** Adecuación do sistema tarifario mediante a tarxeta moedeiro PASSVIGO para poder aplicar de forma directa no sistema de cobro a bonificación extraordinaria na tarifa a abonar polos titulares da tarxeta PASSVIGO de acordo cos seguintes importes:

IMPORTES TARIFA CON IVA				
	Tarifa basee	Tarifa basee subvencionada	Bonificación 30% MITMA	Tarifa con a bonificación MITMA -30%



Concello de Vigo

IMPORTES TARIFAS BONIFICADAS CON A TARXETA MOEDEIRO PASSVIGO				
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete normal)	1,40 €	0,89 €	0,27 €	<b>0,62 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete estudante)	1,40 €	0,86 €	0,26 €	<b>0,60 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista)	1,40 €	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista II)	1,40 €	0,00 €	0,00 €	<b>0,00 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete universitario)	1,40 €	0,67 €	0,20 €	<b>0,47 €</b>
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete social)	1,40 €	0,69 €	0,21 €	<b>0,48 €</b>

**Segundo:** Remitir mensualmente (no cinco primeiros días do mes seguinte) do período comprendido desde o 1 de setembro de 2022, ata que finalice o período subvencionado, la seguinte información:

- O número total de viaxes nos servizos de transporte público.
- O número total de viaxes acollidas a desconto diferenciando entre abonos de transporte, títulos multiviaxe ou outras fórmulas nas que se estableza o desconto, como poidan ser as abonadas mediante tarxeta moedeiro.
- Información específica dispoñible relativa ás horas punta.
- A comparación desta información respecto da do mesmo período de referencia dispoñible dos anos 2019, 2020 e 2021.
- O período de referencia para esta información será de meses naturais a partir do 1 de setembro de 2022, ata que finalice o período subvencionado.

**Terceiro:** Deberá facer publico na paxina WEB, así como nas marquesiñas de as paradas, e nos vehículos de transporte, que esta bonificación extraordinaria de aplicación nas tarifas abonadas con a Tarxeta moedeiro PASSVIGO, está financiada por o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Todas as actividades de comunicación ou difusión sobre a implantación dos descontos a que se fai referencia deberán incluír de maneira expresa que reciben financiamento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e incluírán o logotipo específico do MITMA que se indica a continuación (traducido ao galego )

ANEXO IV. LOGOTIPO INSTITUCIONAL DE LAS AYUDAS A LAS QUE SE REFIERE ESTA ORDEN MINISTERIAL



**Transporte público  
por mucho menos**



**Cuarto:** Na facturación mensual correspondente o período 1 de setembro -31 de decembre de 2022, la concesionaria Viguesa de Transporte SL, deberá proceder a facturar ademais dos conceptos vinculados ordinarios, os importes correspondentes

a bonificación extraordinaria do MITMA de acordo os datos reais de cada mes en relación cos uso, e de acordo cos importes correspondentes a bonificación realizada en base o cadro do punto primeiro.

Tendo en conta o até aquí exposto, fórmase para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Municipal , as seguintes propostas:

### INFORME -PROPOSTA

**Primeiro:** O Concello de Vigo presta o servizo de transporte público colectivo urbano, o que se declara aos efectos da Orde Ministerial, e en base á mesma, se aproba o compromiso de implantar os descontos os que se fai referencia na Orde Ministerial pola que se dá cumprimento ao capítulo II, relativo a axudas ao transporte urbano e interurbano, do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, polo que se adoptan e prorróganse determinadas medidas para responder as consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa da Palma, nos termos e contías establecidos nos artigos 2 e 3, da citada orde ministerial, de acordo coa seguinte proposta de aplicación da bonificación do 30% mediante a tarxeta moedeiro PASSVIGO en base aos seguintes importes:

	IMPORTES TARIFA CON IV A			
	Tarifa basee	Tarifa basee subvencionada	Bonificación MITMA 30%	Tarifa con a bonificación MITMA -30%
IMPORTES TARIFAS BONIFICADAS CON O TARXETA MOEDEIRO PASSVIGO				
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete normal)	1,40 €	0,89 €	0,27 €	0,62 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete estudante)	1,40 €	0,86 €	0,26 €	0,60 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista)	1,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista II)	1,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete universitario)	1,40 €	0,67 €	0,20 €	0,47 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete social)	1,40 €	0,69 €	0,21 €	0,48 €

**Segundo:** Aprobar a solicitude da axuda regulada pola Orde Ministerial de 15 de xullo de 2022 pola que se dá cumprimento ao capítulo II, relativo a axudas ao transporte urbano e interurbano, do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, polo que se adoptan e prorróganse determinadas medidas para responder as consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa da Palma, aceptando o cumprimento das obrigacións contidas na citada orde ministerial

**Terceiro:** Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada pola Orde Ministerial de 15 de xullo de 2022, de acordo ao compromiso indicado no punto primeiro deste acordo.





**Concello de Vigo**

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo á concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo (Viguesa de Transportes. SL) para que proceda a establecer os procedementos necesarios no sistema de cobro a través da tarxeta PASSVIGO, co obxecto de ter operativo o procedemento de cobro coa aplicación da tarifa bonificada polo MITMA para o período comprendido desde o 1 de setembro ao 31 de decembro de 2022, incluíndo as obrigacións seguintes:

- a.- Remitir mensualmente (no cinco primeiros días do mes seguinte) do período comprendido desde o 1 de setembro de 2022, ata que finalice o período subvencionado, a seguinte información:
- O número total de viaxes nos servizos de transporte público.
  - O número total de viaxes acollidas a desconto diferenciando entre abonos de transporte, títulos multiviaje ou outras fórmulas nas que se estableza o desconto, como poidan ser as abonadas mediante tarxeta moedeiro.
  - Información específica dispoñible relativa ás horas punta.
  - A comparación desta información respecto da do mesmo período de referencia dispoñible dos anos 2019, 2020 e 2021.
  - O período de referencia para esta información será de meses naturais a partir do 1 de setembro de 2022, ata que finalice o período subvencionado.
- b.- Deberá facer publico na paxina WEB, así como nas marquesiñas de as paradas, e nos vehículos de transporte, que esta bonificación extraordinaria de aplicación nas tarifas abonadas con a Tarxeta moedeiro PASSVIGO, está financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Todas as actividades de comunicación ou difusión sobre a implantación dos descontos a que se fai referencia deberán incluír de maneira expresa que reciben financiamento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, e incluírán o logotipo específico do MITMA que se indica a continuación (traducido o galego )

ANEXO IV. LOGOTIPO INSTITUCIONAL DE LAS AYUDAS A LAS QUE SE REFIERE ESTA ORDEN MINISTERIAL



**Transporte público  
por mucho menos**



c) Na facturación mensual correspondente o período 1 de setembro -31 de decembro de 2022, a concesionaria Viguesa de Transporte SL, deberá proceder a facturar ademais dos conceptos vinculados ordinarios, os importes correspondentes a bonificación extraordinaria do MITMA de acordo cos datos reais de cada mes en relación cos uso, e de acordo cos importes correspondentes a bonificación realizada en base o cadro do punto primeiro..

A facturación mensual por parte da concesionaria será separada: i) pola diferenza entre a tarifa vixente e a subvención que fai o Concello segundo os perfís dos usuarios, e ii), pola diferenza entre o prezo pagado polo usuario segundo o perfil de acordo coa bonificación realizada polo MITAMA e a tarifa vixente bonificada da tarxeta PASSVIGO.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(655).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO LOS40 SUMMER LIVE 2022 NO APARCAMENTO DO VERBUM O 3 DE AGOSTO DE 2022. EXPTE. 9285/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para a celebración do evento LOS40 SUMMER LIVE 2022 no aparcamento do VERBUM o 3 de agosto de 2022(PCAP).

#### **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato de patrocinio do patrocinio publicitario do evento LOS40 SUMMER LIVE 2022 previsto o día 3 de Agosto de 2022 no Aparcamento do Verbum.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 20 de Xullo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 21 de Xullo de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 39.480,36 euros, sendo o valor estimado do contrato de 32.628,40 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** O 26 de xullo de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a RADIO VIGO, S.L.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data 26 de xullo de 2022 RADIO VIGO, S.L.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 26 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e acordouse admitir ao licitador neste procedemento. A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Se ben esta documentación non se presentou no sobre A, consta toda no expediente. Dado que é correcta, procede adxudicar este procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador RADIO VIGO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** O prazo do contrato previsto na cláusula 7 comezará no momento da firma do mesmo.

**Terceiro.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 27 de xullo de 2022 de apertura dos sobres A e B.

**Cuarto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a RADIO VIGO, S.L.U., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para a celebración do evento LOS40 SUMMER LIVE 2022 no aparcamento do VERBUM o 3 de agosto de 2022 (expediente 92850-335) por un prezo total de 39.480,36 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 6.851,96 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**10(656).- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. <sup>9194/336</sup>.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do Servizo de Contratación, pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de área, pola letrada xefa de Asesoramento e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada dos servizos de mantemento integral das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao Servizo de Xuventude (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada dos servizos de mantemento integral das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao Servizo de Xuventude (PPT)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP) para a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE:*

- Casa da XUVENTUDE: Rúa López Mora 31, 36211.
- Centro de Usos Múltiples VIGOSÓNICO: Estrada do Portal s/n.
- Espazo de Lecer Infantil: Pavillón de deportes de Coia, Avda Castelao s/n.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Técnica de Xuventude e pola Concelleira Delegada de data 25 de marzo de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29 de xuño de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 26.245,54 €, sendo o importe correspondente ao 21% de IVE 4.555,01 €.

Quinto.- Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 3370.227.99.02 "Mantemento de aparataxe" segundo a seguinte distribución de anualidades:

	<b>Importe C/IVE</b>
2022	6.561,39 €
2023	13.122,77 €
2024	6.561,38 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

**Segundo.-** O 18 de xullo de 2022 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

**Terceiro.-** Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións sobre o importe do contrato reflectido na memoria económica e na memoria xustificativa o 21 de xullo de 2022, das que se deu traslado ao servizo xestor para a emisión do correspondente informe.

**Cuarto.-** En data 27 de xullo de 2022, o Servizo de Xuventude emite o informe que deseguido se transcribe:

"Primeiro.- Ante a necesidade de licitar o contrato Expte 9194-336 (CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS AO SERVIZO DE XUVENTUDE) é polo que procedeuse á contratación dunha asistencia técnica externa con obxecto de obter un asesoramento técnico especializado na determinación de prezos e achega de documentación para licitación de contratos de mantemento de instalacións de calefacción e alarmas das instalacións do Servizo de Xuventude.(Expte 9369-336). A empresa adxudicada foi SOLTEC INGENIEROS S.L (B36881415).



## Concello de Vigo

Segundo.- Trala pregunta formulada por un dos licitadores ao procedemento, detectouse que existe unha discordancia nos prezos establecidos na memoria xustificativa e na memoria económica e polo tanto no Prego de cláusulas administrativas para o presente contrato, polo que é necesario proceder a súa corrección.

Terceiro.-En base ao estudo de prezos realizado por SOLTEC INGENIEROS S.L o importe anual do presente contrato ascende a 8.748.52 € ive incluído, segundo a táboa que se achega . Por todo elo o importe máximo de licitación por 2 anos de contrato sería de 17.497,04 € ive incluído .

Tendo en conta que a duración do contrato estableceuse en dous anos e 1 ano de prórroga, o valor estimado do contrato, excluído o ive (2 anos + 1 ano de prórroga) debería ser  $7.230,18 \text{ €} \times 3 = 21.690,54 \text{ €}$  e non de 32.535,79 € tal e como figura na memoria xustificativa, no Prego de cláusulas administrativas e na fiscalización do expediente.

### PROPOSTA.-

Que se amplíe o prazo de licitación en base a necesidade de corrección importe do contrato así como do valor estimado do mesmo, para o cal serán incorporadas ao expediente unha nova memoria xustificativa e económica cos importes correctos."

EDIFICIO	COSTE OFICIAL 1º	TOTAL HORAS/AÑO TOTALES	COSTE MANO OBRA /AÑO TOTALES	DESPLAZAMIENTOS	EPIS, HERRAMIENTA Y MAQUINARIA	MATERIALES	TOTAL COSTES DIRECTOS	TOTAL COSTES INDIRECTOS (10%)	TOTAL COSTES DIRECTOS + INDIRECTOS
Casa da Xuventude	17,46 €	100	1.746,00 €	95	63,00 €	436,50 €	2.340,50 €	234,05 €	2.574,55 €
Centro de Usos Múltiples Vigosónico	17,46 €	130	2.269,80 €	95	81,90 €	567,45 €	2.446,70 €	244,67 €	2.691,37 €
Espazo de Lecer Infantil: Pavillón de deportes de Coia	17,46 €	36	628,56 €	85	22,68 €	157,14 €	736,24 €	73,62 €	809,86 €
<b>TOTAL</b>									<b>6.075,78 €</b>

EDIFICIO	TOTAL COSTES DIRECTOS + INDIRECTOS	GASTOS GENERALES (13%)	BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	TOTAL IMPORTE ESTIMADO SERVICIO	IVA	TOTAL IVA INCLUIDO
Casa da Xuventude	2.574,55 €	334,69 €	154,47 €	3.063,71 €	643,38 €	3.707,09 €
Centro de Usos Múltiples Vigosónico	2.691,37 €	349,88 €	161,48 €	3.202,73 €	672,57 €	3.875,30 €
Espazo de Lecer Infantil: Pavillón de deportes de Coia	809,86 €	105,28 €	48,59 €	963,74 €	202,39 €	1.166,12 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.075,78 €</b>	<b>789,85 €</b>	<b>364,55 €</b>	<b>7.230,18 €</b>	<b>1.518,34 €</b>	<b>8.748,52 €</b>

**Cuarto.-** Con data do 27 de xullo de 2022 o xefe do Servizo de Xuventude asina novas memorias económica e xustificativa no que se incorporan as correccións indicadas no seu informe da mesma data.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse que existe unha discordancia nos prezos establecidos na memoria xustificativa e na memoria económica e polo tanto nos apartados A, B, C e E do punto 3. CONTIDO ECONÓMICO do Anexo I -FEC- do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o procedemento.

En consecuencia, proceder realizar as seguintes rectificacións:

- **No apartado 3.A do Anexo I -FEC- do PCAP:**
  - Onde di:  
**A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 26.245,54 euros
  - Ten que dicir:  
**A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 17.497,04 euros
  
- **No apartado 3.B do Anexo I -FEC- do PCAP:**
  - Onde di:  
**B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%):** 4.555,01 euros
  - Ten que dicir:  
**B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%):** 3.036,68 euros
  
- **No apartado 3.C do Anexo I -FEC- do PCAP:**
  - Onde di:  
**C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 32.535,79 euros
  - Ten que dicir:  
**C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 21.690,54 euros
  
- **No apartado 3.E do Anexo I -FEC- do PCAP:**
  - Onde di:

### **E) ANUALIDADES CON IVE:**

	<b>Importe C/IVE</b>
2022	2.916,17 €
2023	8.748,52 €





Concello de Vigo

2024	5.832,35 €
------	------------

- Ten que dicir:

**E) ANUALIDADES CON IVE:**

	Importe C/IVE
2022	2.916,17 €
2023	8.748,52 €
2024	5.832,35 €

**Segundo.-** No caso de que se produzan modificacións nos pregos, a lei impón ao órgano de contratación a obriga de ampliación dos prazos de presentación de ofertas sempre que se trate de modificacións significativas (artigo 136.2 da LCSP), e determina os supostos que se consideran modificación significativa dos pregos. Estas son as que afecten:

- A clasificación requirida
- O importe e o prazo do contrato
- As obrigacións do adxudicatario
- O cambio ou a variación do obxecto do contrato

Polo tanto, a corrección realizada supón unha modificación do importe do contrato, tratándose así dunha modificación significativa polo que procede a ampliación do prazo de presentación de ofertas.

Establece a lei que a duración da prórroga, en todo caso, será proporcional á importancia da información solicitada polo interesado. Asemade, o artigo 136.3 establece que *“Cando as proposicións só poidan realizarse despois dunha visita sobre o terreo ou previa consulta «in situ» da documentación que se achegue ao prego, os prazos mínimos para a presentación das ofertas e solicitudes de participación que establece esta Lei, ampliaranse de forma que todos os que interesados afectados poidan ter coñecemento de toda a información necesaria para preparar aquelas. No caso que nos ocupa, ao afectar a modificación ao importe do contrato e ao ser necesario que as empresas licitadoras declaren o coñecemento das instalacións nas que prestarán os seus servizos en caso de resultar adxudicatarias, así como por razóns de seguridade xurídica, óptase por iniciar de novo o prazo de presentación das proposicións.*

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

**ACORDO**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Rectificar os apartados 3.A, 3.B, 3.C e 3.E do Anexo I -FEC- do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada dos servizos de mantemento integral das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos ao Servizo de Xuventude , por existir erros aritméticos no contido económico do contrato, quedando redactado nos seguintes termos:*

**3. CONTIDO ECONÓMICO**

**A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 17.497,04 euros**

**B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 3.036,68 euros**

**C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 21.690,54 euros**

**E) ANUALIDADES CON IVE:**

	Importe C/IVE
2022	2.916,17 €
2023	8.748,52 €
2024	5.832,35 €

*2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 28 de xullo de 2022 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación que recolle as rectificacións sinaladas no punto anterior.*

*3º.- Reiniciar o prazo de presentación das proposicións.*

*4º.- Publicar este acordo e o prego de cláusulas administrativas particulares do 28 de xullo de 2022 no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.”*

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(657).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DUN PROCESO DE ANÁLISE E DIAGNOSE DO MODELO DE GOBERNANZA MULTINIVEL DO CONCELLO DE VIGO NO PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO”. EXPTE. 19135/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 28/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 27/07/2022, asinado pola xefa do Departamento



**Concello de Vigo**

Administrativo da Alcaldía, polo xefe da Área de Inversións e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS).

Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvenciones de Galicia.(LSG)

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións (RLXS)

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno. (LTAIB)

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

### **INFORME.**

A Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio, Patricia Rodríguez Calviño resolveu con data 21 de xullo de 2022, o inicio do expediente necesario para a tramitación dunha subvención polo procedemento de réxime directo a desenvolver a través dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a execución dun proceso de análise e diagnóstico do modelo de gobernanza multinivel do Concello de Vigo no proceso de “elaboración do plan de implementación da Axenda Urbana de Vigo”.

#### **I.- Antecedentes:**

Con data 13/09/2021, o BOE publicou a Orde TMA / 957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana

Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

2.- En relación a dita convocatoria a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2021, entre outros asuntos acordou a aprobación da “PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROGRAMA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA DE ACORDO COA ORDE MINISTERIAL TMA/957/2021”, de acordo co contido do EXPTE. 1060/441.

3.- Con data 11 de novembro, o Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, resolve adxudicar provisionalmente as axudas para la elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española as Entidades Locais que figuran en el Anexo da citada resolución e polos importe alí fixados. No anexo.- LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no apartado 5 (entre 100.001 e 300.000 habitantes) figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

4.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021, entre outros asuntos acordou en relación a este expediente:

Primeiro: Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola resolución de data 11 de novembro, do Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, pola que se procede a adxudicar provisionalmente as axudas para la elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española, na que figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

Segundo: Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións y, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, así como por toda a normativa que lo desenvolve. Con data 13/09/2021, o BOE publicou a Orde TMA / 957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

2.- En relación a dita convocatoria a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2021, entre outros asuntos acordou a aprobación da “PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROGRAMA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANS DE ACCIÓN



LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA DE ACORDO COA ORDE MINISTERIAL TMA/957/2021", de acordo co contido do EXPTE. 1060/441.

3.- Con data 11 de novembro, o Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, resolve adxudicar provisionalmente as axudas para la elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española as Entidades Locais que figuran en el Anexo da citada resolución e polos importe alí fixados. No anexo.- LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no apartado 5 (entre 100.001 e 300.000 habitantes) figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

4.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 18 de novembro de 2021, entre outros asuntos acordou en relación a este expediente:

Primeiro: Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola resolución de data 11 de novembro, do Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, pola que se procede a adxudicar provisionalmente as axudas para la elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española, na que figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

Segundo: Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orden da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións y, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, así como por toda a normativa que lo desenvolve.

Terceiro: Delegar na concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dña. Patricia Rodríguez Calviño a competencia para a formalización do modelo de aceptación da subvención concedida que se achega como anexo a esta proposta, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación se seguimento da mesma a través do enlace creado ao efecto: <http://sede.mitma.gob.es//>.

5.- Con data 14 de decembro de 2021, o Concello de Vigo recibe a notificación definitiva da concesión da axuda para a elaboración do proxecto piloto dos plans de acción local da Axenda Urbana Española, de acordo coa resolución definitiva asinada pola Secretaria de Estado de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, outorgado de forma definitiva unha subvención por importe de 250.000,00 €.

6.- Con data 21 de xullo de 2022 a A Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Universidade de Vigo dun convenio de colaboración para a execución de

actividades encamiñadas ao fortalecemento da gobernanza multinivel no proceso de “Elaboración do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo”.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

1.- O artigo 25. 2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, xa que o desenvolvemento do proxecto da Axenda Urbana Española para a Cidade de Vigo, ven a conformar a realización dun plan estratéxico para a xestión común das súas competencias e establecer un marco de referencia: O modelo da AUE ven a representar unha estratexia de desenvolvemento urbano integrado enmarcado nun “Decálogo de Obxectivos Estratéxicos” que desenvolve, á súa vez, un total de 30 obxectivos específicos, e 291 liñas de actuación, propoñendo pois un proceso para o desenvolvemento dun plan de acción identificado na cidade. Todo isto desde unha perspectiva ampla, e baixo unha tripla visión dende a sustentabilidade económica, social e ambiental.

2.- O proxecto para a implantación do proxecto PILOTO da Axenda Urbana en Vigo, correspóndese na súa globalidade cos procesos necesarios que desenvolve o modelo AUE, e de forma específica identifica un apartado específico en relación o FORTALECEMENTO DO MODELO DE GOBERNANZA MULTINIVEL, no cal destaca o impulso dun area de estudo sobre a Axenda Urbana a desenvolver coa Universidade de Vigo, a través da cal se poda desenvolver un proceso de estudo sobre os procesos de gobernanza multinivel e participación, nas diversas fases de planificación estratéxica urbanística e territorial mediante a achega de metodoloxías, análises e modelos rigorosos da Universidade de Vigo, para a súa implantación nun caso concreto como é o “Desenvolvemento do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo” .

3.- A Universidade de Vigo de conformidade cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, para a consecución de dos seus fins e do desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía conforme o artigo 27.10 da Constitución e a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Entre outras funcións, a Universidade desenvolve a prestación do servizo público do ensino superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia de coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

4.- O artigo 57 da LRBRL e o artigo 194 e 195 da LALGA determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



## Concello de Vigo

5.- Pola súa parte, os artigos 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

6.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do seu ámbito subxectivo, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.

7.- O obxecto da proposta de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo non busca proveerse dun ben nin dun servizo, senón que o desenvolvemento do mesmo posibilitará a execución dunha serie de actuación de estudo, investigación fundamentado na capacidade e coñecemento que ambas entidades teñen neste ámbito, posibilitando a través da colaboración proposta potenciar as sinerxías derivadas do coñecemento nestes procesos de análise, investigación e desenvolvemento de protocolos e metodoloxías de traballo para potenciar o posicionamento do modelo de Vigo na "Gobernanza multinivel" no proceso de elaboración do plan de acción da Axenda Urbana de Vigo.

8.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio é instrumento adecuado para canalizar a concesión directa de subvencións e será o habitual para canalizar subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

9.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

10.- O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.c) e 28.3.a) e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento

de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007. Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

11.- Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións por interese xeral, e con carácter excepcional, daquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

12.- Baseándose nestas consideracións, o convenio de colaboración considerase o instrumento idóneo para formalizar a proposta do obxecto deste expediente, e para a o desenvolvemento do mesmo non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade manifesta en relación as peculiaridades concretas de cada una das entidades participantes e xa manifestadas nos antecedentes do mesmo xustificando que a actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese económico e social.

➤ Con data 26 de xullo a Universidade de Vigo solicitou ao Concello de Vigo polo Rexistro Electrónico unha subvención para levar a cabo o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DUN PROCESO DE ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO MODELO DE GOBERNANZA MULTINIVEL DO CONCELLO DE VIGO NO PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO, segundo a memoria adxunta ao documento nº 220186208, que describe os condicionantes e o alcance das actuacións a desenvolver para proceso de estudo sobre o modelo de gobernanza multinivel e participación, nas diversas áreas do Concello de Vigo e que de forma global inciden nos procesos de planificación estratéxica para o desenvolvemento urbano integrado e sostible do Concello de Vigo.

Ditas actuacións teñen por obxecto realizar un diagnóstico analítico mediante a achega de diversas metodoloxías e participación dun equipo multidisciplinar de profesores da Universidade de Vigo, que identifique os valores do modelo de gobernanza aplicado no Concello de Vigo, así como o desenvolvemento dun acercamento metodolóxico para fortalecer a acción da gobernanza multinivel e participación para o Plan de implementación da Axenda Urbana de Vigo.

O desenvolvemento deste traballo ademais de conformar as bases técnicas para o deseño do Plan de Implementación da Axenda Urbana de Vigo, posibilitará o deseño dunha folla de ruta para a creación dunha “Cátedra sobre a participación e gobernanza na Axenda Urbana de Vigo” a desenvolver durante o proceso de implantación real do proceso e modelo da Axenda Urbana de Vigo. Así o proxecto





**Concello de Vigo**

da Cátedra sobre a participación e gobernanza na Axenda Urbana de Vigo” se fundamentará no resultado, experiencia e coñecemento adquirido durante a execución do presente convenio. Neste sentido o proxecto do establecemento desta proposta de Cátedra deberá estar enmarcada nos seguintes obxectivos:

- ✓ O fortalecemento do modelo de gobernanza multinivel e a participación cidadá na Axenda Urbana de Vigo.
- ✓ Promover a elaboración e estudos para o seguimento e avaliación da Axenda Urbana de Vigo.
- ✓ Promover a investigación sobre gobernanza, a innovación aberta e deseño social no ámbito de acción das entidades locais.

O proxecto da “Cátedra sobre a participación e gobernanza na Axenda Urbana de Vigo”, de ser o caso será desenvolto nunha fase posterior e durante o proceso de desenvolvemento do proxecto da Axenda Urbana de Vigo, para o cal a Universidade de Vigo presentará o proxecto que corresponda para o seu estudo e propsta de colaboración.

O texto do convenio, consta dunha parte expositiva e trece pactos sendo o seu obxecto o de establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a execución de actividades dirixidas ao fortalecemento da modelo de “gobernanza multinivel” no proceso de “Desenvolvemento do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo” aprobado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) no marco das “Axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española” (Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro).

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, xustifícase na necesidade de consecución dos obxectivos específicos do mesmo, centrados no fortalecemento dos procesos de goberno multinivel e na participación nos procesos estratéxicos de ordenación urbanística e territorial mediante a dotación de metodoloxías, análises e modelos rigorosos dende a Universidade de Vigo e a súa implantación nun caso concreto como é a “Elaboración do Plan de Implementación da Axenda Urbana de Vigo”, de acordo ao alcance técnico e económico que se desenvolve neste expediente. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

### **III.- CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA**

En cumprimento do disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira é necesario indicar que as actuacións obxecto do convenio cumpren as esixencias dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financiera.

O gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha actuación concreta en relación a execución de actividades dirixidas ao fortalecemento da modelo de “gobernanza multinivel” no proceso de “Desenvolvemento do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo” aprobado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) no marco das “Axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española” (Orde TMA/957/2021, do 7 de setembro).

A achega económica recollida no presente convenio ascende a 42.000,00 €, de acordo coa memoria económica presentada pola Universidade de Vigo e imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9120.480.00.04 “Convenio Universidade de Vigo Modelo Gobernanza na AU” co proxecto asociado 22153202, creada no orzamento municipal a través da xeración de crédito Expte 19132-101, no marco das actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Proxecto Piloto de Plans de Acción Local da AUE, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea. Next Generación EU.

Esta subvención de concesión directa queda suxeita ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese económico exposto.

A presente actuación é unha das que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da



## Concello de Vigo

Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da presente proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Así mesmo, e en virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro, 23 de decembro de 2020, 12 de marzo e 16 de abril de 2021, e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021 de modificación de competencias, e previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio, Patricia Rodríguez Calviño, faise á Xunta de Goberno local a seguinte,

### **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder unha subvención por procedemento de réxime directo á favor da Universidade de Vigo CIF Q 8650002-B para levar a cabo o "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a execución dun proceso de análise e diagnóstico do modelo de gobernanza multinivel do Concello de Vigo no proceso de elaboración do plan de implementación da Axenda Urbana de Vigo".

**SEGUNDO.-** Autorizar unha achega económica por importe de 42.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9120.480.00.04 "Convenio Universidade de Vigo Modelo Gobernanza na AU" co proxecto asociado 22153202.

**TERCEIRO.-** Aprobar o texto do convenio.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO I

**CONCELLO  
DE VIGO**



Universidade de Vigo



**PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DUN PROCESO DE ANÁLISE E DIAGNOSTICO DO MODELO DE GOBERNANZA MULTINIVEL DO CONCELLO DE VIGO NO PROCESO DE “ELABORACIÓN DO PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO”**

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, conforme ao disposto no artigo 124 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, polo que se regulan as bases do réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia e no artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa condición de Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, no seu nome e representación, conforme ao establecido no «Diario Oficial de Galicia» (DOG) n.º 109, de 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, e publicados no DOG n.º 38, de 22 de febreiro do 2019.

Os intervincentes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente convenio, e para ese efecto.

Ambas as partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense mutuamente capacidade suficiente para o outorgamento e formalización do presente acordo, sobre a base dos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir a actuación entre ambas as entidades, para ese efecto, por mutuo acordo.

Expoñen:

1.- Que por Resolución da alcaldía de data 26 de xuño de 2022 delegouse na Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión competencias en materia de planificación, deseño e execución da estratexia municipal para garantir a



## Concello de Vigo

implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas e obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais así como promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.

**I.-** O Concello de Vigo ten concedida unha axuda para a elaboración do Plan de acción local da Axenda Urbana Española no marco da Orde TMA/957/2021, de 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

Dita convocatoria correspóndese co Investimento I.06 relativa ao Programa de axudas para a elaboración de Proxectos Piloto de Plans de Acción Local da AUE, dentro da Compoñente 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, denominado “Implementación da Axenda Urbana Española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana”. BDNS : 583366, Financiada pola Unión Europea - Next GeneraciónEU

**II.-** O proxecto presentado polo Concello de Vigo para a implantación do proxecto PILOTO da Axenda Urbana en Vigo, correspóndese na súa globalidade cos procesos necesarios que desenvolve o modelo AUE, e de forma específica identifica un apartado específico en relación o FORTALECEMENTO DO MODELO DE GOBERNANZA MULTINIVEL, no cal destaca o impulso dun area de estudo sobre a Axenda Urbana, a través da cal se poda desenvolver un proceso de estudo sobre os procesos de gobernanza multinivel e participación para a súa implantación nun caso concreto como é o “Desenvolvemento do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo” .

**III.-** A Universidade de Vigo de conformidade cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, para a consecución de dos seus fins e do desenvolvemento das súas funcións, que goza de autonomía conforme o artigo 27.10 da Constitución e a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Entre outras funcións, a Universidade desenvolve a prestación do servizo público do ensino superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia de coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.

**IV.-** Que a Lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, impulsa o establecemento dos leitos necesarios para fortalecer as relacións e vinculacións recíprocas entre Universidade e Sociedade. Así o seu artigo 1 indica como funcións da Universidade, “a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, así

como a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico”

**V.-** Pola súa parte, os artigos 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

**VI.-** O artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do seu ámbito subxectivo, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.

**VII.-** Ambas institucións están interesadas na colaboración conxunta para o desenvolvemento do proceso de implementación dos modelos de participación e gobernanza no plan de acción da AXENDA URBANA DE VIGO e no desenvolvemento dun proxecto de “Cátedra sobre a participación e gobernanza na Axenda Urbana de Vigo”.

**VIII.-** O obxecto da proposta de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo non busca proverse dun ben nin dun servizo, senón que o desenvolvemento do mesmo posibilitará a execución dunha serie de actuación de estudo, investigación de interese común fundamentado na capacidade e coñecemento que ambas entidades teñen neste ámbito, posibilitando a través da colaboración proposta potenciar as sinerxías derivadas do coñecemento nestes procesos de análise, investigación e desenvolvemento de protocolos e metodoloxías de traballo para potenciar o posicionamento do modelo de Vigo na “Gobernanza multinivel” no proceso de elaboración do plan de acción da Axenda Urbana de Vigo.

**IX.-** De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio é instrumento adecuado para canalizar a concesión directa de subvencións e será o habitual para canalizar subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



**Concello de Vigo**

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.c) e 28.3.a) e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007. Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións por interese xeral, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Que, de acordo coas consideracións anteriores e en desenvolvemento da colaboración entre ambas as entidades, acordan aprobar este convenio de colaboración, que queda agora subscrito polos aquí presentes, de conformidade cos seguintes:

#### **PACTOS:**

##### **Primeiro. Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para a execución dun proceso de análise e diagnóstico do modelo de gobernanza multinivel do Concello de Vigo no proceso de “ELABORACIÓN DO PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO”, no marco das actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Proxecto Piloto de Plans de Acción Local da AUE, aprobado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) no marco das “Axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española” (Orde TMA/957/2021, de 7 de setembro) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea. Next Generación EU.

##### **Segundo. Obxectivos e actividades**

Os obxectivos deste convenio están centrados en fortalecer o procesos de gobernanza multinivel e participación nos procesos de planificación estratéxica. Ditas actuacións teñen por obxecto realizar un diagnóstico analítico mediante a achega de diversas metodoloxías e participación dun equipo multidisciplinar de profesores da Universidade de Vigo, que identifique os valores do modelo de gobernanza aplicado no Concello de Vigo, así como o desenvolvemento dun acercamento metodolóxico para fortalecer a acción da gobernanza multinivel e participación para o Plan de implementación da Axenda Urbana de Vigo.

Mediante a formalización do presente Convenio promoveranse as seguintes actividades:

- a Elaboración de estudos sobre modelos de participación e gobernanza multinivel en procesos de planificación estratéxica urbana e territorial nacionais e internacionais.
- b Traballos de investigación sobre o modelo de participación cidadá e gobernanza multinivel realizados polo Concello de Vigo nos diferentes procesos de planificación estratéxica urbana e territorial levados a cabo até a data.
- c Deseño dunha metodoloxía de gobernanza multinivel e participación para a Axenda Urbana de Vigo.

O desenvolvemento deste traballo ademais de conformar as bases técnicas para o deseño do Plan de Implementación da Axenda Urbana de Vigo, posibilitará o deseño dunha folla de ruta para a creación dunha “Cátedra sobre a participación e gobernanza na Axenda Urbana de Vigo” que permita conquistar os obxectivos de desenvolvemento sostible a través da implantación da Axenda Urbana.

A execución das actuacións obxecto do convenio deberán axustarse os condicionantes propios do proxecto piloto que se está a desenvolver co MITMA.

### **Terceiro. Financiamento do Convenio.**

O Concello de Vigo contribuirá a financiación do proxecto cunha achega de 42.000,00 € (corenta e dous mil euros).

O importe comprometido por parte do Concello de Vigo realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 9120.480.00.04 do Concello de Vigo co proxecto asociado 22153202 ,no marco das actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Proxecto Piloto de Plans de Acción Local da AUE, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea. Next Generación EU.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.





## Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **Cuarto. Compromisos das partes.**

#### 1. Compromisos da Universidade de Vigo.

- Designará un equipo de traballo con especialidades transversais ao obxecto de convenio que se responsabilizará de programar e desenvolver os traballos conducentes ao cumprimento dos obxectivos e actuacións deste convenio.
- Habilitará o espazo necesario e as ferramentas e/ou materiais para o adecuado exercicio das actividades do convenio.
- Difundirá a participación e colaboración do Concello de Vigo en todas as actividades que se realicen no marco do Convenio, polos medios que ambas as partes acorden.
- Será a responsable da xestión económica da achega económica do convenio, ao obxecto de executar todas as accións necesarias, así como da execución e xustificación dos gastos, de acordo coas normas e procedementos propios e a normativa xeral vixente.
- Unha vez finalizada a execución dos estudos, análises e diagnósticos obxecto do convenio deberá remitir ao Concello de Vigo unha memoria técnica documentando as actuacións, estudos e demais contidos desenvolvidos, así como acreditar todos os documentos acreditativos da execución económica.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

#### 2. Compromisos do Concello de Vigo.

- Aportará no marco do Convenio, unha achega económica de 42.000,00 € (corenta e dous mil euros),
- Prestará asistencia técnica nas fases de desenvolvemento e execución das actividades do convenio, colaborando co seu persoal para levar a cabo as tarefas de coordinación necesarias entre ambas as entidades para posibilitar o desenvolvemento do obxecto do convenio e a súa inclusión posterior no Plan de Implementación da Axenda Urbana de Vigo dentro do proxecto piloto obxecto do presente convenio.

- Prestará asesoramento á Comisión Mixta de Seguimento cando sexa requirido por estas.
- Cooperará en materia de xestión do uso compartido de espazos para a realización das actividades da Cátedra.
- Facilitará información sobre recursos, medios e programas específicos que poidan ser de interese para o desenvolvemento das diferentes actividades.
- Difundirá a súa participación e colaboración en todas as actividades que se realicen no marco do Convenio, nos soportes habituais que utilicen para as súas actividades.

### **Quinto. Xustificación e pagamento**

1.- O prazo de xustificación finalizará o 10 de novembro. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Univerddade de Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá



substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

### **Sexta.- Gastos subvencionables**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

#### **Sétima.- Reintegro**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega por importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### **Oitavo.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **Noveno.- Seguimento e xestión do convenio.**

Para a execución e seguimento do presente convenio, constitúese unha comisión mixta de carácter paritario entre os seus dous partes asinantes, integrada por dúas persoas nomeadas pola Universidade de Vigo e outras dúas polo Concello de Vigo.

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Así mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse no desenvolvemento do presente convenio.

Corresponde, especificamente, á Comisión Mixta de Seguimento:

- a) Levar a cabo o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, así como a resolución de



problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse, conforme prevé o artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015.

b) Informar o desenvolvemento das actuacións do Convenio.

c) Promover a coordinación necesaria para a realización de estudos, desenvolvendo cantas accións estímense necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do Convenio.

d) Velar polo cumprimento dos prazos que se fixen.

e) Resolver as cuestións que se susciten na interpretación e cumprimento do presente Convenio.

A Comisión reunirse periodicamente, cando o requiran os asuntos a tratar ou o solicite algunha das Partes.

A devandita Comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, técnicos especialistas designados polas partes, cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que a Comisión ten encomendadas.

As copias das actas das reunións desta comisión, así como os informes que se emiten no desenvolvemento e execución das funcións asignadas á comisión, serán remitidas aos representantes de cada unha das partes ou a quen estes designen

### **Décimo. Publicidade:**

Toda a documentación e información relacionada co obxecto deste convenio incluírá a imaxe corporativa facilitada ao efecto, en todos os formatos, pola Universidade de Vigo e o Concello de Vigo, e incluírá de forma destacada o financiamento da actuación por parte de ambas as administracións.

En todo caso, as actuacións a desenvolver en virtude do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo.

Por outra banda, en cumprimento do disposto na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas públicas, e en aplicación dos principios contida na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións funcionará como un sistema nacional de publicidade das subvencións. Para ese efecto, e co fin de garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a achega concedida

deberá publicarse na BDNS e na WEB del Concello de Vigo de acordo cos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

De conformidade coa normativa reguladora do PRTR, faise constar que o contratista debe adoptar os compromisos para ambas as entidades do obrigado cumprimento en materia de comunicación, encabezamentos e logos, de tal forma que todas as actuacións de comunicación relacionadas co Plan, incorporarán o logo oficial do PRTR e deixarase constancia que se trata dunha actuación financiada por “a Unión Europea-NextGeneration EU” garantindo que todos os destinatarios finais coñezan a orixe do financiamento.

#### **Undécimo. Protección de datos persoais.**

As partes comprométense a tratar os datos persoais necesarios para a execución do presente convenio de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

#### **Duodécimo. Causas da extinción e efectos da resolución.**

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución, nos termos previstos no artigo 51 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) O transcurso do seu prazo de vixencia sen haberse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste último caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á persoa responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Si transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados si así se previu.



**Concello de Vigo**

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **Décimo terceiro. Natureza e resolución de controversias.**

Este convenio ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico de convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As discrepancias xurdidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, deberán de liquidarse pola Comisión Mixta de Seguimento regulada no mesmo. Si non se chegase a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativo.

#### **Décimo cuarto. O réxime de modificación do convenio.**

A modificación dos termos do presente Convenio e/ou a prórroga da súa vixencia requirirán o acordo unánime das partes mediante a subscripción da correspondente addenda modificativa

#### **Decimo quinto. Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:**

O presente convenio amparará as accións desenvoltas para o cumprimento dos obxectivos do mesmo e entrará en vigor o día da súa sinatura, ata a finalización do convenio.

Así mesmo, o convenio poderá revisarse en calquera momento a requirimento dalgunha das partes e, no seu caso, modificarse por acordo expreso de ambas as partes mediante unha addenda a este convenio.

No caso de que a execución das actuacións que se recollen no presente Convenio requira dun período superior de tempo, as partes comprométense a tramitar, con suficiente antelación ao fin de devandita vixencia, a súa necesaria prórroga, de conformidade co previsto no apartado 2º do artigo 49.h) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, observándose para iso o mesmo procedemento seguido para a súa autorización.

#### **Décimo sexto. Réxime xurídico.**

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese polo disposto na Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006; polos pactos contidos neste acordo; as Bases de Execución dos orzamentos del Concello de Vigo e as demais normas de dereito administrativo, e na súa falta, as normas de dereito privado.

Así mesmo débese de indicar que o presente convenio está relacionado coa adxudicación das axudas para a elaboración do Plan de acción local da Axenda Urbana Española no marco da Orde TMA/957/2021, de 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

Dita convocatoria correspóndese co Investimento I.06 relativa ao Programa de axudas para a elaboración de Proxectos Piloto de Plans de Acción Local da AUE, dentro da Compoñente 2 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, denominado “Implementación da Axenda Urbana Española: Plan de rehabilitación e rexeneración urbana”. BDNS : 583366.

De conformidade co exposto o desenvolvemento deste convenio no marco das actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Proxecto Piloto de Plans de Acción Local da AUE, rexerese ademais polo Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, principalmente no relativo ás medidas de axilización das subvencións financiadas con fondos europeos establecidas nos artigos 48, 60 a 65 e aos instrumentos de colaboración público-privada para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establecidos nos artigos 67 a 69. Atenderá tamén ao establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e ao resto de normativa que o desenvolva. En particular, deberán ser tidas en conta durante todo o proceso de contratación as medidas previstas no citado Regulamento dirixidas a evitar o dobre financiamento (artigo 9); as medidas contra a fraude, corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos dos beneficiarios nunha base de datos única [artigo 22.2.d)]; a suxeición aos controis dos organismos europeos [artigo 22.2.e)]; a obrigaçión de conservación da documentación [artigo 22.2.f)] e as normas sobre comunicación e publicidade, de acordo co previsto no artigo 34.

Así mesmo, ambas as entidades deberá garantir mediante declaración responsable o respecto ao principio de «non causar un prexuízo significativo» (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento das axudas





## Concello de Vigo

conforme ao previsto no PRTR, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular o requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Ademais da normativa relativa ao PRTR, todas as persoas físicas e/ou xurídicas beneficiarias do desenvolvemento deste convenio deberán cumprir coa obrigaición de proporcionar información relativa ao titular do beneficiario final dos fondos na forma prevista no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, acreditando a seguinte información:

- NIF do beneficiario.
- Nome da persoa natural ou razón social da persoa xurídica.
- Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

Ademais deberá de cumprirse coas seguintes obrigaicións:

- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao disposto na normativa europea aplicable e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Declaración responsable sobre o compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar a área xestionada.
- Declaración responsable do cumprimento obrigatorio das obrigaicións asumidas en materia de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control e do principio de non producir prexuízos significativos e das consecuencias en caso de incumprimento.
- A realización e presentación da Declaración de Ausencia de Conflito de Interese (DACI).

Por último, maniféstase o cumprimento das obrigaicións de información previstas no artigo 8.2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro; así como o control da Comisión Europea, a Oficina Antifraude, o Tribunal de Contas Europeo e a Fiscalía Europea e o dereito destes órganos a acceder á información dos contratos, así como as normas sobre conservación da documentación. , de conformidade co artigo 132 do Regulamento Financeiro.

Finalmente, esta subvención queda suxeito ao contido do Plan Antifraude do Concello de Vigo aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/2022 Enlace; [https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr\\_antifraude.php?lang=cas#/](https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=cas#/) e ambas as entidades comprométese a cumprilo.

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo comprométense a resolver amistosamente calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. No entanto, en caso de discrepancias que non puidesen ser resoltas a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo    O Reitor Magnífico da Universidade de  
Vigo

Asdo.: Abel Caballero Álvarez

Asdo. Manuel Joaquín Reigosa Roger

**12(658).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs-me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez